

A EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA (E.S.O.)

- **¿Que é?**

A educación obrigatoria en España abarca dende os 6 ós 16 anos. Os 6 primeiros cursos, dos 6 ós 12 anos, forman a Educación Infantil. Os últimos 4 cursos, dos 13 ós 16 anos constitúen a Educación Secundaria Obrigatoria (E.S.O.)

- **¿Que finalidades persigue?**

A súa finalidade é a de transmitir a tódolos alumnos os elementos básicos da cultura, formalo para asumir os seus deberes e exercer os seus dereitos, e preparalo para a súa incorporación á vida activa ou para acceder á formación profesional específica de grao medio ou o bacharelato.

- **¿Cal é a duración desta etapa educativa?**

A duración é de 4 anos académicos, organizados en dous ciclos, tal como se indica no esquema. No obstante, os pais poderán decidir por dar finalizada a ensinanza obrigatoria cando os seus fillos cumpran 16 anos, aínda que non finalizasen os seus estudos.

E.S.O.		
2º Ciclo	16	4º
	15	3º
1º Ciclo	14	2º
	13	1º
	Idade	Curso

- **¿Que titulación se obtén ó terminar a ESO?**

O Título de Graduado en Educación Secundaria, que faculta ó alumnos para o acceso á formación profesional de grao medio ou ó bacharelato.

- **¿Cal é o programa académico da ESO?**

Neste esquema indicámosche as áreas e materias que se imparten na ESO:

Áreas e materias	Periodos lectivos semanais					
	1º	2º	Total	3º	4º	Total
Lingua Galega e literatura	4	3	7	3	3	6
Lingua Castelá e literatura	3	4	7	3	3	6
Lingua estranxeira	3	3	6	3	3	6
Ciencias sociais, xeografía e historia	3	3	6	3	3	6
Ética					1	1
Matemáticas	4	4	8	3	3	6
Educación Física	2	2	4	2	2	4
Ciencias da natureza	3	2	5			
Física e Química				2	3	5
Bioloxía e Xeoloxía				2	3	5
Educación Plástica e Visual	3	-	3	2	3	5
Tecnoloxía	2	3	5	2	3	5
Música	-	3	3	2	3	5
Optativa I	2	2	4	2	3	5
Optativa II				2	3	5
Relixión / Actividades de estudio	2	2	4	2	1	3
Titoría	1	1	2	1	1	2
Períodos lectivos totais	32	32		32	32	

- **¿Cal é o catálogo de materias optativas que se poden cursar na E.S.O.?**

Na ESO pódense cursar actualmente as optativas que se indican no esquema seguinte. Nos cursos primeiro e segundo, para poder cursar calquera dos obradoiros será precisa a autorización da dirección do centro.

Optativas de 1º e 2º curso	Optativas de 3º e 4º curso
Segunda lingua estranxeira	Ciencias medioambientais e da saúde
Obradorio de comunicación oral	Cultura Clásica
Obradoiro de matemáticas	Iniciación profesional á electricidade e a electrónica
	Iniciación profesional á mecánica
	Iniciación profesional marítima
	Iniciación á tecnoloxía informática
	Segunda lingua estranxeira
	Técnicas de expresión escrita

Así mesmo, os centros poderán ofertar unha materia optativa non incluída no catálogo que deberá ser autorizada pola Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa